

Edificio Reitoría  
Campus de Vigo  
36310 Vigo  
España

Tel: 986 813 590  
Fax: 986 812 010

www.uvigo.es  
sreitor@uvigo.es

RESOLUCIÓN REITORAL DO 31 DE  
XANEIRO DE 2012 POLA QUE SE CONVOCAN  
CURSOS DE FORMACIÓN EN LINGUA  
GALEGA PARA O 2.º CUADRIMESTRE DO  
CURSO ACADÉMICO 2011/2012

A Universidade de Vigo fai pública a convocatoria de cursos de lingua galega, que se impartirán a partir do mes de marzo de 2012, organizados e xestionados pola Área de Normalización Lingüística.

**Denominación:** cursos de lingua galega

**Listaxe de cursos convocados**

- Técnicas de expresión escrita
- Técnicas de expresión oral
- Redacción de documentos administrativos
- Harmonización de textos
- Cambios normativos
- Extensión cultural
- Manexo e redacción eficaz do correo electrónico

Universidade de Vigo -  
Registro Xeral

Saída Nº. 201200001831  
31/01/12 12:07:33

**Datas de celebración:** durante os meses de marzo, abril, maio e xuño de 2012

**Lugar de celebración**

1 Os cursos presenciais:

- Técnicas de expresión escrita (campus de Ourense e Pontevedra)
- Técnicas de expresión oral (campus de Ourense e Pontevedra)
- Redacción de documentos administrativos (campus de Ourense e Pontevedra)
- Harmonización de textos (campus de Ourense e Pontevedra)
- Extensión cultural (campus de Vigo, Ourense e Pontevedra)
- Manexo e redacción eficaz do correo electrónico (Campus de Vigo)

Desenvolveranse nos campus da Universidade de Vigo anteriormente sinalados sempre e cando haxa un mínimo de 15 persoas inscritas por curso e campus.

2.- Os cursos virtuais:

- Curso de cambios normativos

Desenvolveranse a través do Servizo de Teledocencia Fatic da Universidade de Vigo e complementaranse con sesións de titorización e seguimento virtual de todas as persoas matriculadas. A única clase presencial será a do día da proba final.

**Duración dos cursos**

- Técnicas de expresión escrita: 20 horas
- Técnicas de expresión oral: 20 horas
- Redacción de documentos administrativos: 20 horas
- Harmonización de textos: 20 horas
- Cambios normativos: 15 horas
- Extensión cultural: 75 horas
- Manexo e redacción eficaz do correo electrónico: 10 horas

**Coordinación académica**

O director da Área de Normalización Lingüística

**Número de participantes por grupo**

Estabécese un número mínimo de 15 persoas preinscritas nos cursos; de non se acadar ese número, o curso poderá anularse, e así se lles notificará ás persoas preinscritas.

**Consignación orzamentaria**

Os gastos derivados da impartición da docencia e da elaboración dos materiais didácticos e docentes imputaranse na partida orzamentaria de Normalización Lingüística 0000 421S 228.08.

**Prazo de inscrición**

Do 6 de febreiro ao 24 de febreiro de 2012 a través da plataforma Bubela ([www.apv.uvigo.es/bubela](http://www.apv.uvigo.es/bubela)).

**Matrícula**

A matrícula será gratuíta para os membros da comunidade universitaria e estudantes de intercambio. Para as persoas alleas á Universidade de Vigo as taxas son de 40 euros por curso, agás o de Extensión cultural (60 €), o de Cambios normativos (30 €) e o Curso para o manexo e a redacción eficaz do correo electrónico (30 €).

A superación de calquera dos cursos anteriormente citados implica a expedición dun diploma acreditativo en que conste a súa denominación, a duración, a cualificación obtida e un crédito de libre elección, sempre e cando se cumpra co correspondente control de asistencia/actividade (o Curso para o manexo e a redacción eficaz do correo electrónico e o de Cambios normativos non serán validados por ningún crédito; o Curso de extensión cultural será validado por dous créditos ECTS)<sup>1</sup>.



O Reitor,

Salustiano Mato de la Iglesia

Dilixencia para facer constar que esta Resolución se publica con esta data no rexistro desta Universidade.

Vigo, 31 de xaneiro de 2012

A secretaria do reitor,

Carmen Estevez Caamaño

